



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

## LISTA DE ASISTENTES

Allegue Agüete, Pilar  
Barreiro Blas, Antonio  
Bravo Bernárdez, Jorge  
Fernández Fernández, Federico A.  
Gil Villanueva, José M<sup>º</sup>.  
González Pillado, Esther M<sup>º</sup>.  
Macías Cambra, Enrique  
Montero Muñoz, María  
Vaquero Díaz, M<sup>º</sup> Beatriz

### DESCULPA ASISTENCIA

González Crespán, Araceli

Acta da sesión extraordinaria da Comisión Electoral, que tivo lugar o día 4 de maio de dous mil dez ás 13:30 horas.

O martes, día **4 de maio 2010**, ás 13:45 horas, nas salas de videoconferencia dos tres campus, deu comezo a xuntanza extraordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar o seguinte punto único da orde do día:

- Modelo de papeletas.

Informa a presidenta que o motivo da reunión é a posta en común de varias suxestións recibidas sobre o modelo de papeleta aprobado na última sesión da Comisión, que plasman as dúbidas que o texto pode xerar no electorado. Ante esta situación, estimouse oportuno preparar outros modelos que se remitiron aos membros da Comisión Electoral co obxecto de tomar hoxe unha decisión ao respecto.

Dos tres modelos presentados, varios membros da Comisión que hoxe non poden asistir, e que desculpáron a súa asistencia, consideran máis claro o modelo con texto único (é dicir sen opción).

Trátase da Profesora González Crespán, e os Srs. Varela e Álvarez.

A presidenta comenta o tipo de dúbidas xurdidas e propón o modelo de papeleta de texto único, cunha pequena modificación fronte ao texto que se remitiu en formato electrónico.

**PODERASE VOTAR ATA UN MÁXIMO DE 18 PERSOAS, DAS CALES COMO MÁXIMO, 10 NUNHA MESMA COLUMNA.**

Debe engadirse na papeleta: **SINALE CUNHA X NO RECADRO CORRESPONDENTE.**


Abre a Presidenta unha quenda de intervencións, e débátese sobre o tema, acordándose por unanimidade este modelo.

Informa tamén que vai ser enviada unha comunicación para buzonear e repartir a toda a comunidade universitaria con indicacións sobre as novidades en materia de paridade. Tamén se farán carteis indicativos.

Propónse incluír no reverso da circular informativa un modelo de papeleta para que se visualice a información sobre a paridade.


E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:55 horas do día 4 de maio de 2010 da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace da presidenta da Comisión Electoral.

A presidenta da Comisión Electoral



María Montero Muñoz

A secretaria da Comisión Electoral



Esther Mª González Pillado